



XVI FESTA DO PAN DE CARRAL 2018 BASES DE PARTICIPACIÓN FEIRA MEDIEVAL

1. A feira celebrarase o **12-13 de maio**.
 2. Organizada polo Excmo **Concello de Carral** en colaboración coa **Asociación de Panadeiros de Carral**
 3. Os números de teléfono de contacto son o **678338872/678338875 ,981613520**
 4. Poderán presentar as solicitudes para participar na feira, artesans e paradas gastronómicas. Hai que entregar ficha de solicitude de participación e declaración responsable segundo modelo. O **prazo de solicitude é ata o 30 de abril**. Os artesáns deberán enviar fotos do posto, mercancía e vestimenta. Non se permitirá outro produto distinto do que se faga constar.
 5. No caso de paradas gastronómicas debese enviar a fotocopia compulsada do rexistro de sanidade.
 6. As paradas que teñan taller ou demostración teñen que facelo constar na solicitude
 7. A **decoración e iluminación** do posto e a **vestimenta é a cargo do artesán** axustándose á época medieval e pódense usar plásticos exclusivamente en caso de choiva.
 8. Soamente se pode acercar o vehículo ao campo da feira para carga e descarga do material. **De non ser así o material e a parada terán que transportarse a pé para evitar atascos.**
 9. A comisión creará unha **tarxeta de identificación** para cada posto sendo obrigatorio poñela a exposición do público.
 10. A organización non se responsabiliza das perdas, danos e roubos de paradas e produtos expostos nas mesmas.
 11. Ningún posto pode cambiarse do lugar asignado pola organización excepto co seu consentimento.
 12. O **horario de apertura** das paradas será de 10.00 a 00.00 horas da noite. O primeiro día ábrese a Feira a partir das 11.00h.
 13. O **prezo dos postos é:**
 - a. ARTESANÍA 40€ para os que midan ata 3 metros de longo
60€ para os que midan máis de 3 metros de longo
 - b. GASTRONOMÍA 60€ polo posto e ademáis 4€/m² de superficie ocupada
 - c. TABERNAS 120€ polo posto e ademáis 4€/m² de superficie ocupada.Non se permite a utilización de cristal
 14. A **selección dos postos** farase tendo en conta que participara anteriormente, que se teña a carta de artesán e segundo a orde de solicitude de participación na feira.
 15. O artesán terá que abonar unha **tasa de participación**. Ingresará o 100% do pago da cuota que corresponda **unha vez sea notificada a súa asistencia** para garantir a súa participación. Este pago farase **antes do 4 de maio no número de conta da asociación de panadeiros: ABANCA ES19-2080-3106-3130-4001-1187**
- ### CONCEPTO FESTA PAN E NOME DO QUE SOLICITA
16. O incumplimento de calquera punto destas bases suporá a expulsión inmediata da feira perdendo o importe realizado en concepto de taxa de participación.
 17. O Concello de Carral non se fai responsable das posibles inspeccións e sancións impostas polo incumplimento do regulamento do exercicio da venda ambulante e non sedentaria.